

4. DATOS DA EMPRESA OU ENTIDADE EN QUE PRESTA OS SEUS SERVIZOS

Nome ou razón social:

Número de traballadores/as no cadro de persoal: Número de mulleres

Número de homes:

Forma xurídica (marque cun X o que proceda)

<input type="checkbox"/> Sociedade anónima	01	<input type="checkbox"/> Sociedade agraria de transformación	08
<input type="checkbox"/> Sociedade cooperativa	02	<input type="checkbox"/> Asociacións privadas sen ánimo de lucro	09
<input type="checkbox"/> Sociedade anónima laboral	03	<input type="checkbox"/> Sociedade limitada laboral	10
<input type="checkbox"/> Comunidade de bens	04	<input type="checkbox"/> Administración	11
<input type="checkbox"/> Sociedade limitada	05	<input type="checkbox"/> Org. patronais ou sindicais	12
<input type="checkbox"/> Empresario/individual	06	<input type="checkbox"/> Outras entidades sen ánimo de lucro	13
<input type="checkbox"/> Sociedade civil	07	<input type="checkbox"/> Outras	14

Sector de actividade (marque cun X o que proceda)

<input type="checkbox"/> Agricultura e gandaría	A	<input type="checkbox"/> Construción	M
<input type="checkbox"/> Pesca	B	<input type="checkbox"/> Comercio	N
<input type="checkbox"/> Industria de alimentación, bebidas e tabaco	C	<input type="checkbox"/> Hostalaría	Ñ
<input type="checkbox"/> Industria téxtil e da confección	D	<input type="checkbox"/> Transporte	O
<input type="checkbox"/> Industria da madeira	E	<input type="checkbox"/> Actividades inmobiliarias	P
<input type="checkbox"/> Industria do papel: edición e artes gráficas	F	<input type="checkbox"/> Actividades informáticas	Q
<input type="checkbox"/> Industria química	G	<input type="checkbox"/> Investigación e desenvolvemento	R
<input type="checkbox"/> Fabricación de maquinaria	H	<input type="checkbox"/> Servizos a empresas	S
<input type="checkbox"/> Fabricación de vehículos de motor	I	<input type="checkbox"/> Educación	T
<input type="checkbox"/> Fabricación de material eléctrico	J	<input type="checkbox"/> Sanidade	U
<input type="checkbox"/> Fabricación de material electrónico	K	<input type="checkbox"/> Administración pública	V
<input type="checkbox"/> Produción e distribución de enerxía	L	<input type="checkbox"/> Outras actividades	X

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Orde do 23 de abril de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para establecer servizos de transporte público nocturno a lugares de lecer baixo a marca NoiteBús.

1. Configurar un mapa de transporte público eficaz, que responda axeitadamente ás necesidades de desprazamento da cidadanía e que procure un alto grao de satisfacción nos usuarios é un obxectivo capital para a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Neste contexto, adquiren especial relevancia os desprazamentos nocturnos, dirixidos ás principais zonas e locais de lecer, debido tanto ás súas especiais características como á desgraciadamente elevada incidencia que neles teñen os accidentes de tráfico.

Para responder a estas necesidades, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas vén desenvolvendo o programa NoiteBús, que ofrece unha alternativa de desprazamento seguro e efectivo para a mocidade, evitándolle o uso do vehículo particular. Na experiencia acumulada ata o momento, este programa revelouose como unha ferramenta eficaz para aumentar a seguridade nas estradas e, xa que logo, como un complemento ideal para as mellores que nas infraestruturas viarias está realizando tamén a consellería.

Por outra banda, as necesidades de transporte nocturno non poden ser sempre atendidas polas liñas concesionais, dado que aquel presenta especialidades tanto por horario como por percorridos, e aínda pola súa concentración en períodos concretos do ano. Neste sentido, o peso que se lles dá aos concellos e/ou aos operadores de transporte na configuración dos servizos, na medida en que son os que mellor coñecen a realidade social de cada zona, é un

dos avais principais do programa NoiteBús e outra das razóns que aconsella a súa continuidade.

2. O desenvolvemento deste programa ten lugar dentro da normativa vixente e, singularmente, no marco do Decreto 80/2005, do 31 de marzo, polo que se regulan os servizos de transporte público a lugares de lecer. Esta norma veu cubrir o baleiro normativo existente, deseñando un réxime de outorgamento de autorizacións que supera as rixideces do marco normativo anterior, ao mesmo tempo que respecta os dereitos legalmente recoñecidos aos concesionarios de servizos de transporte público regular permanente de viaxeiros de uso xeral. Prevé, nese sentido, a posibilidade de non establecer os servizos cando as concesións vixentes poidan satisfacer adecuadamente a demanda e recoñece en favor dos titulares destas un dereito de prioridade sobre os novos servizos que se creen.

Ao abeiro deste decreto, régúlase o establecemento de servizos a lugares de lecer e o outorgamento das correspondentes autorizacións administrativas, fixando unhas condicións específicas para facelo, de acordo coa habilitación efectuada pola Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres. Os ditos servizos vertébranse en dúas modalidades, como servizos de transporte público regular temporal con cobramento individual a lugares de lecer e como servizos de transporte público regular de uso especial a lugares de lecer, introducindo en ambos os casos a posibilidade do cobramento individual ao usuario.

3. Non se pode esquecer, non obstante, que a promoción do programa se fai a través dun procedemento subvencional e que neste eido temos tamén novidades normativas importantes. Especialmente o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, publicado no *Diario Oficial de Galicia* número 20, do 29 de xaneiro de 2009, que veu concretar as disposicións da devandita lei, e as súas exixencias deben introducirse agora no procedemento deseñado pola nova orde.

Do mesmo xeito, a administración electrónica constitúe unha realidade cada vez máis presente no funcionamento dos servizos públicos, e así se reflicte tanto no Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos, como na orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009, pola que se desenvolve aquel, cuxas exixencias están tamén debidamente incorporadas ao texto.

4. En conclusión, coas novidades pertinentes exixidas pola normativa e pola experiencia acumulada, pero respectando os postulados básicos de optimización da eficiencia, a seguridade e o servizo ao usuario, apróbase esta nova orde de subvencións, que

cubrirá o período abranguido entre o 1 de xullo e o 31 de decembro de 2010.

Por todo iso, en uso das facultades que teño atribuídas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto e definicións.*

1. Esta orde ten por obxecto convocar, en réxime de concorrencia competitiva, axudas para financiar os gastos de establecemento e explotación de servizos de transporte nocturno a lugares de lecer, baixo a marca NoiteBús, no segundo semestre do ano 2010.

2. Para os efectos desta orde entenderase por:

a) Ruta: itinerario completo que fará un vehículo, incluíndo os puntos de orixe e de destino e as correspondentes paradas.

b) Expedición: cada unha das viaxes que o vehículo realizará sobre a ruta proposta nunha noite. Cada expedición incluírá necesariamente unha ida e unha volta, agás nos servizos circulares, e poderá abranger o conxunto da ruta, ou partes dela.

c) Servizo (referido a prestacións de transporte): totalidade de expedicións que por cada ruta se realizan nunha noite, incluíndo idas e voltas, se é o caso.

Artigo 2º.-*Actuacións subvencionables e beneficiarios.*

1. Serán subvencionables consonte esta orde os servizos de transporte nocturno a lugares de lecer programados e prestados nalgunha das seguintes modalidades das previstas no Decreto 80/2005, do 31 de marzo, polo que se regulan os servizos de transporte público a lugares de lecer:

a) Servizos de transporte público regular temporal a lugares de lecer;

b) Servizos de transporte público regular de uso especial a lugares de lecer.

2. Poderán ser beneficiarios das subvencións, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos nesta orde:

a) Para a modalidade de servizos de transporte público regular temporal, as empresas de transporte. Para estes efectos, a solicitude de axuda, acompañada dos documentos sinalados no artigo 7º.3 desta orde, servirá así mesmo como solicitude de establecemento do servizo e de autorización administrativa para poder prestalo, nos termos do Decreto 80/2005, do 31 de marzo, polo que se regulan os servizos de transporte público a lugares de lecer.

b) Para a modalidade de servizos de transporte público regular de uso especial, as entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia. Neste caso, a entidade local deberá formalizar un contrato ou precontrato para a prestación dos servizos cunha

empresa de transporte antes de solicitar as subvencións reguladas nesta orde, someténdose para iso ao establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, e para cada unha das rutas que se pretendan instaurar, a solicitude de axuda levará implícita a petición de autorización da empresa de transporte para poder realizar o servizo, sempre que se achegue a documentación indicada no artigo 7º.4 e o anexo correspondente á ruta vaia asinado polo representante da empresa.

3. Os referidos servizos deberán prestarse durante o segundo semestre do ano 2010, coa correspondente autorización administrativa.

4. Non se consideran subvencionables ao abeiro desta orde:

-Os servizos de carácter urbano prestados en municipios que teñan a obriga legal de prestar o servizo de transporte público urbano consonte coa lexislación de réxime local, agás respecto daqueles tráfico que en horario diúrno estean integrados en servizos de carácter interurbano.

-Os servizos que resulten coincidentes, no seu itinerario ou tráfico, con servizos de transporte público regular de uso especial a discotecas ou lugares de lecer, para os que se solicitase autorización administrativa ante a Dirección Xeral de Mobilidade con anterioridade á publicación da orde desta consellería do 22 de maio de 2007, pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca para o ano 2007 a concesión de subvencións a entidades locais e empresas de transporte para o establecemento de servizos de transporte público nocturno a lugares de lecer baixo a marca NoiteBús (DOG nº 109, do 7 de xuño). Esta excepción non será aplicable de se acreditar o cesamento da vixencia daquelas autorizacións, ou a desistencia da solicitude formulada, segundo o caso, cunha antelación mínima de seis meses á data de publicación da actual orde. Para os efectos deste precepto, considérase que concorre a coincidencia indicada cando esta sexa igual ou superior ao 50%.

-Os servizos iguais ou equivalentes a aqueles para os que se outorgase subvención consonte as ordes do 14 de febreiro de 2008 ou 25 de febreiro de 2009, e posteriormente fosen suspendidos ou revogados por non acadar os perfís mínimos de usuarios fixados pola Dirección Xeral de Mobilidade consonte as disposicións adicionais segundas das indicadas ordes.

Artigo 3º.-Financiamento e concorrencia.

1. As axudas outorgadas conforme o disposto nesta orde serán financiadas con cargo ás seguintes aplicacións dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010, nas que se garante a existencia de crédito adecuado e suficiente:

a) Para o caso de servizos prestados baixo a modalidade de transporte público regular temporal, aplicación orzamentaria 07.05.512A.470.0, cun orzamento total máximo de 1.671.058 €.

b) Para o caso de servizos prestados baixo a modalidade de transporte público regular de uso especial, aplicación orzamentaria 07.05.512A.460.0, cun orzamento total máximo de 490.000 €.

2. Os importes indicados no punto anterior poderán ser ampliados de concorrer algún dos supostos previstos no artigo 30.2º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Este incremento queda condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito e á aprobación da modificación orzamentaria que proceda. Con cargo a eles subvencionarase un máximo do noventa por cento (90%) do importe total do servizo, calculado segundo as regras previstas no artigo 5º.

3. As subvencións obxecto desta orde decláranse compatibles, de ser o caso, con outras achegas, axudas ou subvencións que a entidade beneficiaria perciba para destinalas á execución das actuacións que se describen no artigo 2º, pero a suma total de todas elas nunca poderá superar o custo da actividade subvencionada.

4. No caso de servizos de transporte público regular de uso especial, a suma de todas as axudas obtidas polo beneficiario e dos ingresos procedentes da venda de títulos de transporte non poderá superar o orzamento total que require a actuación.

Non obstante, agás que no contrato ou precontrato asinado entre a entidade local e a empresa de transporte se establecese expresamente o contrario, os ingresos procedentes da venda deses títulos constituirán un beneficio industrial accesorio do transportista, compensatorio dos maiores custos e incertezas empresariais que lle xere unha maior afluencia de usuarios nun servizo desta tipoloxía.

5. Consonte coa súa propia natureza, os servizos previstos no número anterior serán deseñados polo beneficiario da axuda, e contratados cunha entidade que dispoña de autorización administrativa para a actividade de transporte discrecional de viaxeiros e resultará de aplicación á dita subcontratación o previsto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; singularmente, o beneficiario da axuda non poderá contratar a prestación do transporte con empresas que estean incursas nalgunha das circunstancias previstas no punto 7 do referido artigo 27.

Igualmente, e consonte co anterior, as empresas que presten os servizos de transporte previstos no número anterior quedarán obrigadas unicamente ante o beneficiario da axuda, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á Administración.

Artigo 4º.-Condicións de prestación do servizo.

1. Os servizos solicitados deberán programarse necesariamente entre as 22.00 horas e as 7.00 do día seguinte e desenvolverse durante un mínimo de dez xornadas efectivas.

2. En calquera acto de difusión publicitaria que se faga dos servizos subvencionados (carteis, prensa, radio, televisión ou similar), sexa ou non sufragado a través das partidas que para tal finalidade prevé o artigo 5º.4, os beneficiarios deberán usar a imaxe normalizada e o material que para o programa NoiteBús estableza a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Os beneficiarios asumen, ademais, a obriga de colaborar naquelas campañas ou actuacións de promoción do NoiteBús que, desenvoltas pola Administración, non supoñan custo económico para o propio beneficiario e, de xeito singular, na difusión de información nos vehículos.

En todo caso, inserirase a imaxe corporativa do proxecto NoiteBús e indicarse a condición de servizo subvencionado pola Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o enderezo de correo electrónico indicado no artigo 22º desta orde, en:

a) Carteis colocados en todos os vehículos adscritos a este tipo de transporte. Estes carteis deberán situarse nun lugar visible para os usuarios tanto no interior como desde o exterior do vehículo.

b) Calquera información sobre os servizos que se facilite aos usuarios ou ao público en xeral.

c) Títulos de transporte, de acordo co especificado no artigo 6º.

Nos supostos das letras a) e b) anteriores, inserirase igualmente a páxina web sinalada no referido artigo 22º desta orde.

3. Dentro das 24 horas posteriores á conclusión de cada xornada de servizo, e sen prexuízo da información requirida para o pagamento nos artigos 19º e 20º, o beneficiario deberá remitir á Dirección Xeral de Mobilidade a información referente á prestación do servizo a través da aplicación informática que se habilitará para o efecto. Esta información referirase tanto ao número de usuarios do servizo como aos datos do vehículo que o prestou. No caso dos servizos realizados en venres, sábados, festivos e vésperas de festivos, o prazo indicado comezará a contar logo da conclusión do último servizo prestado o festivo correspondente.

No caso dos servizos de transporte regular de uso especial, a información a que se refire este punto poderá ser remitida directamente polo beneficiario, ou ben a través da empresa de transportes que preste o servizo coa previa habilitación daquel, sen prexuízo de considerar responsable do cumprimento desta obriga, en todo caso, a entidade beneficiaria da axuda.

4. A prestación dos servizos previstos nesta orde requirirá, en todo caso, que os vehículos empregados para tal fin dispoñan de aparello tacógrafo, analóxico ou dixital, e que coa xustificación da axuda prevista no artigo 19º desta orde se xunte copia dos

correspondentes discos diagrama de tacógrafo, ou da súa certificación dixital.

5. A prestación de cada servizo efectuarase unicamente cos vehículos autorizados expresamente, tanto no expediente de autorización administrativa como de outorgamento da axuda; os ditos vehículos terán que figurar na autorización de empresa do beneficiario da axuda ou, de se tratar de servizos de uso especial, da contratante del. Agás en supostos excepcionais, como avarías ou similares, non se aboará axuda pola prestación de servizos con material móbil distinto.

En todo caso, e sen prexuízo da xustificación antedita, a utilización excepcional de material móbil non previsto expresamente na correspondente solicitude de axuda requirirá que este extremo se poña en coñecemento da Dirección Xeral de Mobilidade no prazo das 24 horas seguintes á súa utilización, tanto a través da aplicación informática habilitada para o efecto como mediante a presentación do correspondente escrito ante o Servizo de Mobilidade correspondente.

Os vehículos que se inclúan na solicitude para a prestación do servizo deberán ter un número de prazas (incluída a do condutor) que os sitúe nunha mesma categoría das recollidas no artigo 5º. De non ser así, considerarase que todos os vehículos están incluídos na categoría do que teña un número menor.

Artigo 5º.-Cálculo do importe do servizo e contía das axudas.

1. Para cada servizo que solicite o interesado, e por cada noite de prestación, calcularase o importe total do servizo. Este será o resultado de sumar unha compoñente fixa e unha variable (cuxos importes variarán en función do número de prazas dos vehículos autorizados) e de aplicarlle despois as porcentaxes correctoras previstas neste artigo.

2. Para realizar o cálculo descrito no punto anterior aplicaranse os seguintes importes:

a) Compoñente fixa.

-Servizos prestados con vehículos de 10 a 25 prazas: 180,00 €.

-Servizos prestados con vehículos de 26 a 38 prazas: 195,00 €.

-Servizos prestados con vehículos de 39 a 55 prazas: 210,00 €.

-Servizos prestados con vehículos de máis de 55 prazas: 221,25 €.

Para os efectos deste punto considerarase que un mesmo vehículo e/ou un mesmo condutor só pode prestar un único servizo subvencionado na noite.

b) Compoñente variable.

-Servizos prestados con vehículos de 10 a 25 prazas: 0,64 €/km.

-Servizos prestados con vehículos de 26 a 38 prazas: 0,71 €/km.

-Servizos prestados con vehículos de 39 a 55 prazas: 0,86 €/km.

-Servizos prestados con vehículos de máis de 55 prazas: 1,01 €/km.

Para os efectos previstos neste punto sumaranse os quilómetros de ida e de volta. Non obstante, computaranse unicamente os quilómetros de prestación efectiva dos servizos de transporte subvencionados e quedarán expresamente excluídos os que o vehículo teña que facer en baleiro ao seu comezo e fin ou nos períodos de espera.

c) Porcentaxes correctoras: ao importe resultante do cálculo descrito nos números anteriores aplicaranse, sucesiva e acumuladamente, os seguintes coeficientes correctores:

c.1. Por número de expedicións.

Ao resultado de sumar os importes que correspondan como compoñente fixa e como compoñente variable aplicaráselle a seguinte porcentaxe correctora segundo o número de expedicións:

-Servizos ata tres expedicións: 1,00 (100%).

-Servizos con catro expedicións: 1,05 (105%).

-Servizos con cinco ou máis expedicións: 1,10 (110%).

Para os efectos do previsto neste punto considerárase como mesmo percorrido aquel que atenda aos mesmos tráfico; ademais, só se terán en conta as expedicións completas que se realicen entre as cabeceiras da ruta, sen prexuízo de que poidan realizarse expedicións parciais.

c.2. Pola adaptabilidade do vehículo empregado para a prestación do servizo.

A utilización dun vehículo adaptado para o transporte de persoas con mobilidade reducida, e xustificada na solicitude coa achega do permiso de circulación e a ficha técnica correspondente, dará dereito á aplicación dun coeficiente multiplicador do dez por cento (1,10) de incremento sobre o importe calculado consonte co previsto na letra anterior.

c.3. Polo número mínimo de usuarios comprometidos polo solicitante para cada noite de servizo.

Para estes efectos, calcularase unha ratio dividindo o número de usuarios comprometidos polo solicitante polos quilómetros totais do servizo; en función do resultado, aplicaranse as seguintes porcentaxes correctoras:

-Para compromisos situados entre 0,20 e 0,35 usuarios/km: 1,00 (100%).

-Para compromisos situados entre 0,36 e 0,50 usuarios/km: 1,02 (102%).

-Para compromisos situados entre 0,51 e 0,75 usuarios/km: 1,05 (105%).

-Para compromisos situados entre 0,76 e 1,00 usuarios/km: 1,09 (109%).

-Para compromisos situados entre 1,01 e 2,00 usuarios/km: 1,15 (115%).

-Para compromisos situados por enriba de 2,00 usuarios/km: 1,25 (125%).

Non se admitirán compromisos de usuarios por debaixo da ratio 0,20 usuarios/km e computarase, en todo caso e para estes efectos, sobre un mínimo de 100 km por servizo.

3. O resultado dos cálculos efectuados consonte os dous puntos anteriores será o importe total do servizo para un día. Deste importe total, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas subvencionará como máximo o 90%, segundo se indicou no artigo 3º.2.

4. O importe indicado verase incrementado, de o instar o solicitante, cun importe fixo por ruta de ata seiscentos euros (600 €) en concepto de gastos de publicidade e difusión do servizo, co límite do 80% dos custos asumidos e xustificadas.

Consideraranse incluídas no concepto de gastos de publicidade e difusión do servizo as actividades de publicitación en radio e prensa, carteis e demais elementos habituais no mercado, excluindo expresamente os custos de edición dos títulos de transporte; todos os elementos publicitarios deberán ser emitidos nun modelo harmonizado, que lles facilitará aos beneficiarios a Dirección Xeral de Mobilidade, coa imaxe común da marca NoiteBús, e a indicación de servizos subvencionados por esta Administración.

5. O importe total da subvención concedida por beneficiario obterase sumando o resultado da minoración prevista no punto 3 deste artigo, correspondente a cada xornada de prestación efectiva do servizo, e sumado o importe solicitado en concepto de publicidade e difusión.

O resto de custos do servizo cubrirase do seguinte xeito:

a) Servizos de transporte regular temporal: cos importes procedentes da venda de títulos de transporte.

b) Servizos de transporte regular de uso especial: con achegas da propia entidade solicitante da axuda. En todo caso, a achega da entidade solicitante e contratante do servizo deberá acadar, cando menos, o importe resultante da minoración entre o custo que resulte imputable ao servizo segundo o artigo 5º.2 e a subvención que lle resulte de aplicación consonte co artigo 5º.3.

6. Sen prexuízo do anterior, ningún beneficiario poderá recibir unha subvención total máxima superior a 112.500 euros. No caso de que, en atención ás condicións dos servizos para os que pida a axuda e aos criterios de cálculo establecidos nos puntos anteriores, lle correspondese unha contía superior,

realizarase unha minoración proporcional entre todos os servizos que lle sexan subvencionados.

Artigo 6º.-Títulos de transporte.

1. A cada usuario do servizo de NoiteBús cobrará-selle unha tarifa unificada e obrigatoria de tres euros (3 €). Este cobramento documentarase no correspondente título de transporte, que estará numerado e datado, e no cal se terá que inserir a imaxe corporativa da marca NoiteBús, o enderezo de correo electrónico indicado no artigo 22º desta orde e a lenda Servizo de transporte subvencionado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

A Dirección Xeral de Mobilidade poderá establecer un modelo harmonizado de título de transporte; este resultará, en tal caso, de obrigada utilización por parte das entidades e empresas beneficiarias da axuda.

A obriga de expedir os indicados títulos corresponderá á empresa que presta o servizo, ben que a Dirección Xeral de Mobilidade poderá eximila do seu cumprimento, logo de xustificar aquela imposibilidade material de facelo e propor un sistema alternativo, acordando en tal caso, a aplicabilidade deste.

2. Excepcionalmente, os solicitantes poderán instar, de xeito motivado, a aplicación tanto de modalidades de tarifa diferentes, como unha tarifa superior ou inferior á prevista no punto anterior. Estas modificacións da tarifa deberán ser autorizadas, en todo caso, pola Dirección Xeral de Mobilidade, atendendo ás singularidades na tipoloxía do servizo.

3. O título de transporte dará dereito á utilización do servizo para o que se expedise, sen límite de veces, ao longo dunha mesma xornada. Non se admitirá a venda de títulos simples de só ida ou só volta.

Artigo 7º.-Solicitudes.

1. Para poder ser beneficiario das subvencións deberá presentarse unha solicitude nos termos indicados no artigo seguinte, acompañada dos documentos especificados nos números 3 ou 4, segundo corresponda, deste artigo.

Esa solicitude servirá tamén como solicitude de establecemento e/ou autorización para prestar o servizo, de conformidade co disposto no Decreto 80/2005, do 31 de marzo, polo que se regulan os servizos de transporte público a lugares de lecer, polo que non será preciso presentar esta separadamente. Para tal fin, no caso dos servizos de transporte regular de uso especial, o anexo II-B, correspondente a cada ruta, deberá estar asinado, ademais de polo representante da entidade local, polo representante da empresa que realizará o servizo.

2. Na propia solicitude incorpórase unha declaración responsable referente aos aspectos seguintes:

a) Cumprimento dos requisitos necesarios para acollerse a esta orde de axudas, así como das obrigas e compromisos que nela se establecen.

b) Autenticidade dos datos facilitados e da documentación presentada.

c) Compromiso de facilitar a documentación complementaria que se poida requirir, así como de permitir as comprobacións e inspeccións que para o efecto a Administración considere oportunas, ou previstas nesta orde.

d) Non beneficiarse nin ter sido beneficiario de máis subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, que illada ou conxuntamente coa outorgada por esta Administración superen o custo da actividade obxecto desta orde.

e) Non estar incurso en ningún dos supostos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, no caso dos servizos de transporte público regular de uso especial, incluírá o compromiso de contratar a súa prestación coa empresa que posúa un dereito de preferencia, consonte co establecido no artigo 10.2º do Decreto 80/2005, do 31 de marzo, polo que se regulan os servizos de transporte público a lugares de lecer, e unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.

3. No caso dos servizos de transporte público regular temporal achegarase coa solicitude a seguinte documentación, en orixinal ou fotocopia cotexada:

a) Documentación xeral:

I. Documentación acreditativa da personalidade, que será a seguinte:

i. Cando o titular da empresa de transporte por estrada sexa unha persoa física: documento nacional de identidade (DNI), se non se presta o consentimento para a consulta telemática nos termos do artigo 9º.6.

ii. Cando o titular da empresa de transporte por estrada sexa unha persoa xurídica: tarxeta de identificación fiscal, do apoderamento do asinante para poder representala e do documento nacional de identidade (DNI) deste (este último só se non se presta o consentimento para a consulta telemática nos termos do artigo 9º.6).

II. Certificación bancaria co número de conta, de non constar de alta no rexistro de terceiros da Xunta de Galicia.

b) Documentación que deben presentar para cada unha das rutas que se soliciten:

I. Descrición das condicións en que se prestará o servizo, que incluírá necesariamente a indicación das coordenadas que permitan localizar os puntos de parada. Esta descrición axustarase ao modelo normalizado que se inclúe como anexo II-A desta orde, que deberá estar debidamente cuberto en todos os seus puntos.

II. Memoria xustificativa da necesidade ou oportunidade do servizo proposto.

III. Mapa ou plano do servizo a escala 1:25.000 con indicación visible do itinerario e dos puntos de parada.

IV. Permisos de circulación dos vehículos propostos para realizar os servizos.

V. Fichas técnicas deses vehículos.

VI. Documentación acreditativa do seguro subscrito para cada vehículo.

Non obstante, non será preciso presentar a documentación referida nos puntos IV, V e VI se esta xa figura completa e debidamente actualizada no poder da Dirección Xeral de Mobilidade ou dos servizos de Mobilidade, para os efectos do transporte escolar ou calquera outro procedemento, e así se indica expresamente na solicitude nos termos do artigo 9º.3.

4. No caso de servizos de transporte público regular de uso especial, achegarase como documentación xeral unha certificación bancaria co número de conta, de non constar de alta no rexistro de terceiros da Xunta de Galicia. Así mesmo, e para cada unha das rutas que se soliciten, presentarase a seguinte documentación en orixinal ou fotocopia cotexada:

a) Contrato ou precontrato formalizado polo solicitante coa empresa de transporte que realizará o servizo. Para os efectos deste punto, entenderase suficiente a presentación do xustificante de ter iniciado o procedemento de contratación consonte a lexislación de contratos do sector público; non obstante, e nese suposto, a prestación do servizo non poderá iniciarse mentres que o contrato asinado non se achegue ao expediente e a empresa de transporte solicite e obteña o establecemento do servizo e a autorización para prestalo consonte o Decreto 80/2005, do 31 de marzo, polo que se regulan os servizos de transporte público a lugares de lecer. En todo caso, a copia do contrato debidamente formalizado deberá presentarse, como máximo, xunto coa documentación xustificativa dos servizos realizados no primeiro mes de prestación.

b) Descrición das condicións en que se prestará o servizo, que incluírá necesariamente a indicación das coordenadas que permitan localizar os puntos de parada. Esta descrición axustarase ao modelo normalizado que se inclúe como anexo II-B desta orde, que deberá estar debidamente cuberto en todos os seus puntos e, para que sirva como solicitude de

autorización para prestar o servizo por parte da empresa de transporte, deberá estar asinado, ademais de polo representante da entidade local, polo da devandita empresa.

c) Memoria xustificativa da necesidade ou oportunidade do servizo proposto.

d) Mapa ou plano do servizo a escala 1:25.000 con indicación visible do itinerario e dos puntos de parada.

e) Permisos de circulación dos vehículos propostos para realizar os servizos.

f) Fichas técnicas deses vehículos.

g) Documentación acreditativa do seguro subscrito para cada vehículo.

Non obstante, non será preciso presentar a documentación referida nos puntos e, f e g se esta xa figura completa e debidamente actualizada no poder da Dirección Xeral de Mobilidade ou dos servizos de Mobilidade, para os efectos do transporte escolar ou calquera outro procedemento, e así se indica expresamente na solicitude nos termos do artigo 9º.3 desta orde.

Artigo 8º.-Lugar, forma e prazo para a presentación de solicitudes.

1. Os que desexen optar ás axudas previstas nesta orde deberán completar a solicitude en liña, axustada aos modelos normalizados que se inclúen como anexos I e II desta orde.

Os formularios da solicitude de axuda e das condicións de prestación dos servizos cubriranos e obteranos necesariamente os solicitantes a través da aplicación informática inserida na páxina oficial da Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, sita no enderezo da internet: <https://www.xunta.es:444/sunoitebus/>. Nesa web disporase tamén de instrucións de axuda que deberán ser observadas en todo momento polos solicitantes; non obstante, en caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información durante o proceso de obtención dos formularios, poderán pórse en contacto coa Administración a través dos medios previstos no artigo 22º desta orde.

Poderanse cubrir e obter os formularios ata as 24 horas do día da data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, sen prexuízo do deber de presentación indicado no punto 3 deste artigo, que terá que se efectuar, en todo caso, dentro dese mesmo prazo.

Os anexos desta convocatoria publícanse no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) exclusivamente para efectos informativos e será necesario empregar a aplicación informática indicada para obter os formularios da solicitude e das condicións de prestación. As solicitudes que non cumpran o aquí indicado non serán admitidas a trámite.

2. Unha vez completada a solicitude en liña, e sempre antes de que remate o prazo establecido no punto 3 deste artigo, presentarán esa mesma solicitude impresa e debidamente asinada, así como a documentación requirida no artigo 7º, preferentemente no rexistro da Dirección Xeral de Mobilidade (praça de Europa, 5A-2º andar, Área Central-As Fontiñas, 15707 Santiago de Compostela).

Así mesmo, os documentos impresos, acompañados da documentación correspondente, poderán presentarse por calquera dos medios previstos para a presentación de instancias no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Se a solicitude se remite por correo, presentárase en sobre aberto para que sexa datada e selada polo funcionario de correos antes de certificala.

3. O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o día 31 de maio, incluído.

Artigo 9º.-*Consentimentos e autorizacións.*

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación do réxime contido nesta orde.

2. De conformidade co artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a presentación da solicitude de concesión da subvención comportará a autorización do solicitante para que o órgano concedente obteña de forma directa a acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social, a través de certificados telemáticos.

Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón a certificación nos termos previstos regulamentariamente.

No caso dos servizos solicitados baixo a modalidade de transporte público regular de uso especial, as entidades locais estarán exentas de presentar as certificacións acreditativas de que cumpren con aquelas obrigas, de conformidade co disposto no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Para tal fin, o formulario de solicitude incorporará unha declaración responsable de estar ao día nesas obrigas, que deberá ser asinada polo representante da entidade interesada.

3. De acordo co disposto no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ás solicitudes dos interesados xuntaranse os documentos e as informacións determinados na norma ou convocatoria, salvo que os documentos exixidos xa estivesen en poder de calquera órgano da Administración actuante; neste caso, o solicitante poderá acollerse ao establecido na letra f) do artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do pro-

cedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia nos cales foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde o remate do procedemento a que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle ao solicitante a súa presentación ou, no seu defecto, a xustificación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

4. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos. Todo isto farase consonte o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, pola que se regula a protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

5. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, esta consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

6. De acordo co previsto no Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos, e a orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009, pola que se desenvolve aquel, os solicitantes estarán exentos de presentar a fotocopia do DNI se fan constar no formulario o seu consentimento expreso para que a Administración verifique de xeito telemático os seus datos de identidade no sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio da Presidencia.

En caso de que non presten ese consentimento, deberán presentar xunto coa solicitude unha fotocopia compulsada do DNI en vigor.

Artigo 10º.-*Órganos competentes.*

1. Delégase no director xeral de Mobilidade o exercicio das competencias para resolver os procedementos de concesión, aprobación do gasto e demais actuacións necesarias para o desenvolvemento das axudas obxecto desta orde.

2. A Subdirección Xeral de Ordenación do Transporte será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión das subvencións, correspondéndolle como tal o exercicio das facultades previstas no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 11º.-*Instrución.*

1. De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude non reúne algunha das exixencias contidas nesta orde requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixese, se terá por desistido na súa petición, logo da correspondente resolución.

Este requirimento de emenda tamén se fará se das certificacións obtidas de conformidade co artigo 9º resulta que o solicitante non se atopa ao día do pagamento das súas obrigas tributarias e sociais co Estado, coa comunidade autónoma ou coa Seguridade Social.

2. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderá requirírselle ao solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento. Singularmente, poderá exixírselle que presente unha memoria ou estudo detallado que avale a realidade do número mínimo de usuarios comprometidos para cada noite de servizo.

3. Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, e concluído o trámite de información pública previsto no artigo seguinte, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e que contén coa documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración.

Así mesmo, se logo de examinar a documentación presentada se observa que existen coincidencias ou semellanzas nas rutas que deben atender varios servizos, ou que existen servizos cun escaso ou nulo interese social, porase en coñecemento dos interesados dándolles un prazo de cinco días para que modifiquen as solicitudes formuladas e/ou formulen as alegacións que consideren oportunas.

Pasado o referido prazo sen que se fixese ningunha modificación nin se xustifique a rendibilidade social do servizo, eses servizos remitiranse á Comisión de Valoración, que poderá incorporar ao seu informe unha proposta de exclusión daquel servizo ou servizos que obteñan unha menor puntuación consonte cos criterios de valoración previstos no artigo 14º.

4. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nesta orde ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na que se indicarán as causas desta.

Artigo 12º.-*Información pública.*

O conxunto das rutas solicitadas serán publicadas na páxina web da Dirección Xeral de Mobilidade con indicación do seu itinerario, calendario e horarios, para que nun prazo improrrogable de cinco días hábiles os interesados poidan realizar alegacións. Estas serán remitidas vía web, a través do espazo deseñado para o efecto, sen prexuízo de presentalas tamén en papel, por calquera dos medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 13º.-*Comisión de Valoración.*

1. A Comisión de Valoración será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios obxectivos fixados no artigo seguinte. Para tal fin elaborará un informe en que figurarán de xeito individualizado os solicitantes que cumpren os requisitos para obter a subvención e en que se especificará a avaliación que lles corresponde segundo os devanditos criterios. Así mesmo, indicarse o importe da axuda para cada un deles, ata esgotar o crédito dispoñible.

2. A Comisión de Valoración terá a seguinte composición:

-Presidente: subdirector xeral de Ordenación do Transporte.

-Vogais: xefes dos servizos de Xestión Económica e de Estudos e Apio Xurídico da Dirección Xeral de Mobilidade.

En caso de ausencia, vacante ou enfermidade dos anteriores, o director xeral de Mobilidade poderá nomear substitutos de entre funcionarios dos grupos A1 ou A2 da referida dirección xeral.

3. As solicitudes que non puidesen ser atendidas por insuficiencia de crédito quedarán en reserva e poden, se é o caso, subvencionarse ben co crédito que quedase libre de producirse algunha renuncia por parte dos beneficiarios, ben co incremento do crédito orzamentario destinado a estas axudas. Para estes efectos poderán realizarse sucesivos informes conforme o sinalado neste artigo.

Artigo 14º.-*Criterios de valoración.*

1. As solicitudes puntuaranse, para cada unha das rutas para as cales se solicite a axuda, e de xeito separado entre as dúas modalidades previstas no artigo 2º.1 desta orde, de acordo cos seguintes criterios de valoración:

a) Pola correcta execución do servizo en convocatorias anteriores: aquelas rutas que sexan idénticas ou substancialmente coincidentes en canto a percorrido e tráfico con outras que xa lle fosen subvencionadas ao mesmo interesado consonte a Orde do 25 de febreiro de 2009, recibirán ata 25 puntos, en función do grao de satisfacción acadado na realización do servizo. Esta satisfacción ponderarase atendendo

ao correcto cumprimento do calendario proposto, ao volume de usuarios que utilizaron o servizo e á inexistencia de incumprimentos tipificados no artigo 20º da devandita orde.

Para os efectos deste punto, entenderase que existe identidade ou coincidencia substancial entre dous servizos se foron materialmente prestados pola mesma empresa, aínda cando nunha convocatoria fose solicitado baixo a modalidade de servizo regular de uso especial e na outra como servizo regular temporal.

b) Pola incidencia social do servizo proposto, en atención á ratio resultante de dividir o número de usuarios comprometidos por noite entre os quilómetros do servizo: ata 15 puntos, tendo cero puntos os compromisos iguais ou inferiores a 0,35 usuarios por quilómetro e a máxima puntuación o compromiso de 2,5 usuarios por quilómetro de servizo.

c) Pola optimización no tempo de uso da frota: ata 15 puntos. Para estes efectos, recibirán a máxima puntuación aqueles servizos cuxo tempo total de circulación durante a noite sexa de sete horas ou máis e cero puntos os que teñan unha hora ou menos de prestación. Os servizos de duración intermedia entre eses dous límites recibirán a puntuación que proporcionalmente lles corresponda.

Para o cálculo anterior non se terán en conta os tempos de espera. Ademais, para aqueles servizos cuxa media de quilómetros por hora sexa inferior a 50, entenderase que o tempo de prestación efectiva é o que resultaría de realizar os quilómetros totais do servizo a esa velocidade.

d) Pola extensión do servizo: ata 5 puntos, tendo cero puntos os servizos cun número de quilómetros por noite inferior a oitenta (80), e a máxima valoración os que teñan unha extensión igual ou superior a cento corenta (140); esta epígrafe valorarase desbotando os decimais que resulten da aplicación do anterior índice de valoración.

Para os efectos previstos nesta epígrafe, computaranse os quilómetros que deba efectuar o vehículo para a conexión de todas as paradas en que se xere tráfico na ruta, utilizando aquelas infraestruturas que, sendo adecuadas para a circulación dos vehículos, as comuniquen do xeito máis directo efectuando o menor percorrido posible para a conexión de todas elas.

e) Polo compromiso de investimento en publicidade e difusión do servizo: ata 10 puntos, tendo cero puntos quen non asuma compromiso ningún e dez quen asuma o compromiso de investimento de 2.400 euros ou máis por ruta (incluída a subvención prevista para o efecto nesta orde).

f) Pola diminución porcentual do importe de subvención solicitada en relación co importe total do servizo, consonte cos números 2 e 3 do artigo 5º: ata 10 puntos, tendo a máxima puntuación a diminución máis alta e calculando as demais proporcionalmente.

g) Polo número de expedicións que se van realizar: ata 10 puntos, tendo cero puntos os números de expedicións iguais a un e a máxima puntuación os supostos de seis ou máis expedicións.

Para os efectos desta letra, computaranse exclusivamente as expedicións que se programen entre as cabeceiras da ruta, non computando as expedicións parciais.

h) Pola antigüidade dos vehículos afectos aos servizos: ata 5 puntos, tendo a máxima puntuación os vehículos de ata seis anos e cero os de dezaseis anos ou máis. En caso de que os vehículos propostos teñan antigüidades distintas, tomarase como referencia a do máis vello.

i) Por asumir o compromiso de empregar a lingua galega na publicidade e difusión dos servizos solicitados: 5 puntos.

2. No caso de que logo de aplicar os criterios previstos nos puntos anteriores resulten varias solicitudes coa mesma puntuación total, daráselle preferencia á que tivese maior puntuación en cada un dos conceptos, segundo a orde de prelación que resulta dos devanditos puntos.

Artigo 15º.-Resolución e notificación.

1. Á vista do informe da Comisión de Valoración, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución, que elevará ao director xeral de Mobilidade, quen ditará a resolución que corresponda para cada solicitante.

No caso de que, atendendo ás solicitudes formuladas, resulte acreditada a suficiencia do crédito dispoñible, o órgano instrutor poderá elevar propostas parciais de resolución e procederase á resolución sucesiva das distintas solicitudes formuladas por orde cronolóxica de conclusión dos correspondentes expedientes administrativos.

En ningún caso o importe da subvención concedida poderá superar o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario ou, se é o caso, a porcentaxe máxima do investimento subvencionable legalmente establecido.

2. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de tres meses, contados desde a publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Se transcorre este prazo sen que recaese resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

3. A concesión ou a denegación da axuda seralle notificada ao solicitante de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Adicionalmente, as subvencións concedidas serán publicadas no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, consonte o establecido no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. De acordo co disposto no artigo 21.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, unha vez notificada a resolución definitiva aos beneficiarios, estes disporán dun prazo de dez días para aceptar a subvención concedida. Transcorrido ese prazo sen que houbese manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

Artigo 16º.-Réxime de recursos.

As resolucións ditadas ao abeiro desta orde, así como a desestimación presunta de solicitudes, poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 17º.-Modificación da resolución.

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda poderá dar lugar á modificación da resolución da súa concesión.

As persoas ou entidades beneficiarias están obrigadas a comunicarlle á Dirección Xeral de Mobilidade calquera circunstancia ou eventualidade que poida afectar substancialmente o destino ou a correcta aplicación da axuda outorgada.

2. O acto polo que se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado polo director xeral de Mobilidade logo da instrución do correspondente expediente, en que se lle dará audiencia ao interesado.

3. Para os efectos desta orde, non terán a consideración de modificación das condicións da axuda aquelas alteracións non substanciais do servizo que non afecten o seu obxecto principal e, en concreto, as seguintes:

a) Variación de horarios, sempre e cando o incremento no número de expedicións non supoña a inclusión do servizo nunha categoría do artigo 5º.2.c.1 distinta da inicialmente prevista.

b) Modificacións do calendario de prestación que non supoñan adición de días nin alteración do número total de xornadas de prestación efectiva en cada ano natural.

c) Cambios no itinerario, sen que se incremente o número de quilómetros totais.

d) Adición ou substitución de vehículos autorizados para realizar os servizos, sempre e cando non se vexa alterado o número mínimo de prazas que se tivo en conta para o cálculo da subvención e/ou a condición de vehículo adaptado.

4. As modificacións anteriores deberan comunicarse á Dirección Xeral de Mobilidade con antelación á data da súa posta en funcionamento, a cal poderá denegalas mediante resolución expresa en caso de que non se axusten ás condicións previstas no punto anterior ou afecten o cálculo do importe máximo da subvención. Alén do anterior, o beneficiario estará obrigado a darlle publicidade á alteración realizada en termos equivalentes aos do inicio do servizo.

Artigo 18º.-Obrigas dos beneficiarios.

Os beneficiarios das subvencións reguladas nesta orde asumen as obrigas recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no resto da normativa de subvencións e, especificamente, as seguintes:

-Obriga de reintegro, total ou parcial, da subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

-Obriga de permitir que a Dirección Xeral de Mobilidade realice as comprobacións e inspeccións que considere oportunas co fin de comprobar a veracidade dos datos e da documentación presentada, así como de facer o seguimento e control das axudas concedidas.

-Obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

-Obriga de comunicarlle á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, se fose o caso, as alteracións das condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto desta orde e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, para os efectos de propoñer, se procedese, a modificación das condicións establecidas na resolución de concesión da axuda.

-Obriga de empregar as aplicacións informáticas que, para cubrir os modelos, para a remisión de datos de usuarios e incidencias, para a comunicación da facturación mensual e para as demais previstas nesta orde habilite a Dirección Xeral de Mobilidade.

-Obriga de acomodar todas as campañas de publicidade e actos de difusión dos servizos subvencionados á imaxe normalizada e materiais que para tal efecto establece a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, de acordo co previsto no artigo 4º.2.

2. No caso dos servizos de transporte público regular de uso especial, o beneficiario deberá contratar a súa prestación coa empresa que posúa un dereito de preferencia consonte o establecido no artigo 10.2º do Decreto 80/2005, do 31 de marzo, polo que se regulan os servizos de transporte público a lugares de lecer.

Artigo 19º.-Xustificación da subvención.

1. Para o pagamento da subvención prevista nesta orde o beneficiario da axuda presentará ante a Dirección Xeral de Mobilidade, nos primeiros quince días de cada mes, as correspondentes liquidacións do mes anterior, xunto coa seguinte documentación referida a ese período de liquidación, en papel e en soporte dixital:

-Datos de prestación do sistema, co desagregamento e formato normalizado indicado pola Dirección Xeral de Mobilidade e comprensivo cando menos do número de usuarios por servizo e títulos de transporte vendidos.

-Certificación comprensiva dos quilómetros realizados.

-Copia dos discos diagrama de tacógrafo do vehículo, ou vehículos, que prestase o servizo (ou certificación equivalente no caso do tacógrafo dixital, en que se deberán incluír en todo caso as horas de prestación do servizo e os quilómetros realizados). Nestas copias deberase indicar o día e o servizo con que se corresponden.

Como excepción da regra xeral indicada no número un deste artigo, a liquidación do mes de decembro deberá ser entregada na Dirección Xeral de Mobilidade nos cinco primeiros días do mes de xaneiro.

Para os efectos da liquidación indicada neste artigo, teranse en consideración as seguintes regras:

-O pagamento da compoñente variable (quilómetros) farase sempre atendendo aos que figuren como reais e xustificados nos correspondentes discos diagrama de tacógrafo ou certificación obtida do tacógrafo dixital. Porén, non se aboarán en ningún caso os quilómetros que se realicen por enriba do número máximo que se indicase na solicitude e se recollese na resolución de outorgamento.

-A aplicación do coeficiente correspondente a vehículos adaptados aplicarase se a prestación efectiva do servizo se ten efectuado cos referidos vehículos, salvo que na solicitude inicial de axuda non se incluíse ningún vehículo desas características.

2. No caso dos servizos de transporte regular de uso especial, deberá achegarse, ademais, unha copia autenticada do pagamento efectuado á empresa de transportes que prestou o servizo e xustificación do financiamento que corresponde á entidade local; ambos os extremos poderán xustificarse mediante certificación emitida para o efecto pola súa intervención.

3. O importe da axuda correspondente a gastos de publicidade e difusión do servizo, outorgado, se é o caso, consonte co previsto no artigo 5º.4 desta orde, xustificárase mediante a achega das correspondentes facturas e xustificantes de pagamento destas; do importe sinalado, sen IVE, a Administración aboará a porcentaxe indicada no precepto citado, ata a contía máxima outorgada. Igualmente, o beneficiario deberá achegar un exemplar do material obxecto da indicada facturación, agás que pola súa natureza non sexa viable; neste caso, a Dirección Xeral de Mobilidade poderá requirir outra documentación ou certificacións referentes á execución da actividade.

En caso de que un mesmo beneficiario efectúe unha publicidade global de varios servizos respecto dos que teña aquela condición, deberá concretar e xustificar na facturación os custos que impute a cada un dos servizos, así como achegar unha sucinta memoria das actividades prestadas e da correlación existente con todos e cada un dos servizos subvencionados.

O gasto asumido consonte co anterior, sen prexuízo da data da súa facturación e xustificación á Administración, poderá ter sido realizado materialmente en calquera momento, dentro, en todo caso, do segundo semestre do ano 2010. Non obstante, a revogación total ou parcial da subvención, consonte co previsto no artigo 21º desta orde, xerará a obriga de devolver os importes percibidos, na mesma porcentaxe; igualmente, a súa revogación, consonte coa disposición adicional segunda desta orde, xerará o decaemento do dereito de percepción das cantidades pendentes de liquidación por este concepto.

4. Transcorridos os prazos indicados nos puntos anteriores sen que o interesado achegase a documentación precisa para a xustificación, requiriráselle para que no prazo improrrogable de dez días emende a omisión.

A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste punto comportará a perda do dereito a cobrar total ou parcialmente a subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste punto non eximirá o beneficiario das sancións que, conforme a lei, correspondan.

En todo caso, e de acordo co artigo 45 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o prazo de xustificación, incluída a ampliación, deberá permitirlle ao órgano concedente comprobar a documentación dentro do exercicio orzamentario correspondente.

Artigo 20º.-Pagamento.

Logo de comprobar que a documentación referida no artigo anterior se axusta ao contido desta orde, procederase ao pagamento das subvencións median-

te transferencia bancaria ao número de conta indicado polo beneficiario.

No caso das subvencións a empresas de transporte, o pagamento estará condicionado a que o beneficiario acredite que está ao día das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, de non estar vixentes os certificados obtidos anteriormente.

Artigo 21º.-Incumprimentos, reintegros e sancións.

1. O incumprimento das obrigas contidas nesta orde ou no resto da normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a subvención percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

Singularmente, sen carácter exhaustivo, e consono co previsto no artigo 14.1º n), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establécese a seguinte relación de incumprimentos das condicións impostas con motivo da concesión da subvención e a súa incidencia sobre a percepción da axuda e o seu reintegro:

a) Non prestación do servizo:

i. Sen notificación, por vía dixital e presentación por escrito, á Dirección Xeral de Mobilidade nas 24 horas seguintes a aquela en que debería ter lugar o seu inicio, dará lugar á revogación da subvención e ao reintegro das cantidades, de ser o caso, xa percibidas.

ii. Coa notificación antes referida: non aboamento do importe correspondente ao servizo omitido.

b) Prestación incompleta do servizo:

i. Se o incumprimento ten lugar na atención de tráfico eventualmente captores de usuarios, deberá diferenciarse:

-Sen notificación, por vía dixital e presentación por escrito, á Dirección Xeral de Mobilidade nas 24 horas seguintes a aquela en que debería ter lugar o seu inicio, dará lugar á revogación da subvención e ao reintegro das cantidades, se é o caso, xa percibidas.

-Coa notificación antes referida: non aboamento do importe correspondente ao servizo omitido.

ii. Se o incumprimento se produce con ocasión de paradas residuais do servizo nas cales non se desatendan eventuais tráfico, minorarase o importe correspondente aos quilómetros deixados de percorrer; se o incumprimento supón que o servizo pase a ter menos quilómetros que os declarados como mínimos, minorarase o importe global da axuda na mesma porcentaxe que a de diminución do percorrido.

c) Incumprimento das obrigas referentes á prestación do servizo cos vehículos autorizados (agás os supostos e procedemento de substitucións pre-

vistos nesta orde), á emisión de títulos de transporte, información e publicidade do servizo e do seu carácter de subvencionado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, carteis a bordo do vehículo, remisión de información á Administración, e demais condicións de prestación: a constancia da omisión de calquera destes extremos nun día suporá o non aboamento do importe da axuda correspondente a esa xornada; a reincidencia nunha segunda xornada suporá o non aboamento do importe desta incrementado nun 50%; a reincidencia nunha terceira xornada dará lugar á revogación da axuda e ao reintegro das cantidades, de ser o caso, percibidas.

d) O falseamento no número declarado de usuarios, tanto nas informacións diarias como nas liquidacións mensuais: o falseamento situado entre o 3% o 10% dos usuarios dunha xornada suporá unha minoración da axuda correspondente á dita xornada do 50%; o falseamento superior ao 10% dará lugar á anulación da axuda correspondente a esa xornada. A reiteración de dous falseamentos superiores ao 10%, ou de catro de entre o 3% e o 10%, dará lugar á revogación da axuda e ao reintegro das cantidades, se é o caso, percibidas.

2. Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior tramitarase un procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto nos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Aos beneficiarios das subvencións reguladas nesta orde seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto nos artigos 50 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 22º.-Control.

1. A Dirección Xeral de Mobilidade poderá levar a cabo, directa ou indirectamente, as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento da finalidade das axudas que se concedan.

2. Alén do anterior, as axudas estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Artigo 23º.-Información aos interesados.

Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Dirección Xeral de Mobilidade, a través dos seguintes medios:

a) Páxina web oficial da consellería:

www.emati.xunta.es

b) Os teléfonos 981 54 45 95 e 981 54 45 85 da devandita dirección xeral.

c) O enderezo electrónico noitebus@xunta.es.

Artigo 23º.-*Remisión normativa.*

Para todo o non regulado nesta orde observarase o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no resto de normativa que resulte de aplicación.

Disposicións adicionais

Primeira.-*Avaliación de proxectos.*

Os servizos de NoiteBús solicitados serán sometidos a unha avaliación inicial, logo da cal a Dirección Xeral de Mobilidade poderá acordar, mediante resolución administrativa, a denegación daqueles que, polo seu elevado interese social, teña implantado ou acorde implantar de xeito directo, de conformidade coa Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación de transportes terrestres, e a súa normativa de desenvolvemento.

Segunda.-*Avaliación da prestación.*

1. Os servizos para os que se conceda a axuda serán sometidos a unha avaliación periódica cada catro xornadas efectivas de prestación, facendo unha comparativa entre o compromiso de usuarios asumido na solicitude e os efectivamente transportados e declarados.

2. Se dunha primeira avaliación se aprecia unha minoración igual ou superior ao 75% sobre o volume de usuarios comprometidos, ou non se cobren os perfís mínimos fixados pola Dirección Xeral de Mobilidade atendendo á poboación que vai cubrir o servizo, esta poderá optar entre a supresión do servizo e a revogación da axuda para as xornadas pendentes de prestación, ou, oído o beneficiario, a súa continuación por outro período de catro xornadas, reformulando as condicións de prestación.

Se nunha segunda verificación non se aprecia unha recuperación significativa do índice de cobertura, a Dirección Xeral de Mobilidade acordará sen máis a revogación da axuda para as xornadas pendentes, oído o beneficiario.

3. Do mesmo xeito se procederá se, de dúas avaliacións sucesivas, se aprecia un volume de usuarios inferior aos comprometidos entre o 75 e o 30%, ou a non cobertura dos perfís mínimos fixados pola Dirección Xeral de Mobilidade.

4. Para os efectos da avaliación descrita nos puntos anteriores, a Dirección Xeral de Mobilidade comunicará coa resolución de outorgamento da axuda os perfís mínimos que se consideran axeitados para cada ruta, sen que estes afecten o cálculo da

subvención, que se fará en todo caso consonte o previsto no artigo 5º.

Terceira.-*Prestación anticipada de servizos.*

Estímase incluída na previsión contida no artigo 2º.3 desta orde a prestación de servizos que realicen os solicitantes das axudas a partir do 1 de xullo de 2010 e antes de que recaia resolución definitiva. Eses servizos deberán incluírse en todo caso dentro da solicitude e prestarse de acordo coas previsións contidas nesta orde, e non xerarán dereito a cobrar cantidade ningunha no caso de que a resolución definitiva sexa denegatoria.

En todo caso, a prestación anticipada de servizos deberá contar coa pertinente autorización administrativa, ou prórroga da outorgada con antelación, que se deberá solicitar oportunamente ante o Servizo de Mobilidade que corresponda.

Cuarta.-*Transmisión de datos no contorno SITME.*

Ao longo do período de vixencia desta orde, a Dirección Xeral de Mobilidade poderá habilitar unha nova aplicación informática, complementaria da prevista nela, e desenvolta no contorno da aplicación SITME. Nese suposto, a partir da súa posta en marcha, os beneficiarios das axudas poderán optar por continuar utilizando a aplicación indicada na orde para enviar os datos de prestación dos servizos ou ben mudar á nova aplicación SITME. De facelo así, os prazos previstos na orde para a carga de información referiranse á remisión de colectas, propias da aplicación SITME.

En todo caso, a entrada neste novo contorno impoñerá a aceptación das condicións de uso que para o efecto estableza a Dirección Xeral de Mobilidade, que serán vinculantes para os beneficiarios. Esas condicións complementarán as previsións desta orde e, singularmente, as do seu artigo 21º en relación cos posibles incumprimentos.

Disposicións derradeiras

Primeira.-*Habilitación para o desenvolvemento.*

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Mobilidade para que dite as resolucións que sexan precisas para o desenvolvemento, interpretación e aplicación desta orde.

Segunda.-*Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2010.

Agustín Hernández-Fernández de Rojas
Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio
e Infraestruturas



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
 TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
 Dirección Xeral de Mobilidade

ANEXO I- A

MODELO DE SOLICITUDE PARA EMPRESAS DE TRANSPORTE

PROCEDEMENTO AXUDAS ÁS EMPRESAS DE TRANSPORTE PARA O ESTABLECEMENTO DE SERVICIOS DE TRANSPORTE PÚBLICO REGULAR TEMPORAL NOCTURNO A LUGARES DE LECER BAIXO A MARCA NOITEBÚS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MT315B	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

EMPRESA		NIF Nº	
ENDEREZO		PROVINCIA	
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
CORREO ELECTRÓNICO			

E na súa representación:

NOME E APELIDOS	DNI	TELÉFONO
-----------------	-----	----------

Solicita que lle sexa outorgada unha axuda para establecer un total de servizo(s) NoiteBús, cuxas condicións se detallan no(s) anexo(s) II que se xunta(n) a esta solicitude (*débese cubrir un anexo II por cada ruta que se solicite*).

Documentación xeral que se xunta (orixinal ou fotocopia compulsada):

- Persoa física: documento nacional de identidade (DNI) (só necesario en caso de non prestar o consentimento para facer a consulta telemática).
- Persoa xurídica:
 - Tarxeta de identificación fiscal.
 - Apoderamento do asinante para poder representala.
 - Documento nacional de identidade (DNI) do representante (só necesario en caso de non prestar o consentimento para facer a consulta telemática).
- Certificación bancaria orixinal co número de conta (*só necesaria no caso de non constar de alta no rexistro de terceiros da Xunta de Galicia*).

Declara baixo a súa responsabilidade:

1. Que cumpre os requisitos necesarios para acollerse a esta orde de axudas e asume as obrigas e compromisos que nela se establecen.
2. Que son auténticos os datos facilitados e a documentación presentada.
3. Que se compromete a facilitar a documentación complementaria que se poida requirir, así como permitir as comprobacións e inspeccións que para o efecto a Administración considere oportunas ou estean previstas na orde.
4. Que non se benefician nin se teñen beneficiado de máis subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais que, illada ou conxuntamente coa outorgada por esta Administración, superen o custo da actividade obxecto desta orde.
5. Que non está incurso en ningunha das prohibicións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.
6. Que o/s vehículo/s adscrito/s para a prestación do servizo dispoñen de aparello tacógrafo.
7. Que presta o seu consentimento para que a Administración obteña telematicamente as certificacións de estar ao día no pagamento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social (no caso de non prestar ese consentimento, marque aquí: Nese suposto deberá achegar as certificacións en papel).

Asume o compromiso de empregar a lingua galega na publicidade e difusión do(s) servizo(s) solicitado(s) (s/n):

Autorizo a consellería, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para consultar os meus datos de identidade no sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio da Presidencia:

SI NON

(En caso de non prestar o consentimento, deberá presentarse unha fotocopia compulsada do DNI en vigor do solicitante persoa física ou do representante da persoa xurídica e de ser necesario)

De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, o solicitante da subvención consente expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro. Así mesmo, e de conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a presentación desta solicitude implica a autorización para o tratamento necesario dos datos do solicitante para a publicación na web oficial da consellería a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas. En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmolle que os datos persoais recollidos nesta solicitude serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Se o desexa pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro, no enderezo que figura ao pé desta solicitude.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Orde do 23 de abril de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para establecer servizos de transporte público nocturno a lugares de lecer baixo a marca NoiteBús.
 - Decreto 80/2005, do 31 de marzo, polo que se regulan os servizos de transporte público a lugares de lecer.

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

Lugar e data

, de de 20

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
	DATA DE EFECTOS
	DATA DE SAÍDA

ANEXO II-A

DESCRIPCIÓN DAS CONDICIÓNS DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOLICITADOS POR EMPRESAS DE TRANSPORTE

SOLICITANTE

EMPRESA		NIF
<input type="text"/>		<input type="text"/>
NOME APELLIDOS DO/A REPRESENTANTE		TELÉFONO
<input type="text"/>		<input type="text"/>
		DNI
		<input type="text"/>

RUTA:

CIRCULAR

Paradas	Coordenadas		Concello	km		Horas de paso							
				Á orixe	Entre paradas	Expedición 1		Expedición 2		Expedición 3*		Expedición 4 *	
						<input type="checkbox"/> Parcial	<input type="checkbox"/> Parcial	<input type="checkbox"/> Parcial	<input type="checkbox"/> Parcial	<input type="checkbox"/> Parcial	<input type="checkbox"/> Parcial	Ida	Volta
<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Quilómetros totais do servizo (suma de todas as expedicións):	<input type="text"/>
Calendario de prestación do servizo:	2010
	<input type="text"/>

Vehículos adscritos á prestación do servizo:				
TITULAR	MATRÍCULA	Nº PRAZAS	DATA 1ª MATRICULACIÓN	ADAPTADO
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
SUPLENTE/S	MATRÍCULA	Nº PRAZAS	DATA 1ª MATRICULACIÓN	ADAPTADO
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON

Usuarios comprometidos por noite:	<input type="text"/>	Ratio (mínimo 0,20 usuarios/km):	<input type="text"/>
-----------------------------------	----------------------	----------------------------------	----------------------

* No caso de solicitar máis expedicións, deberanse incluír nun documento anexo que respecte o mesmo formato.

Condições económicas do servizo e da subvención (cálculo orientativo e supeditado ao resultado final da tramitación do expediente):

A. Importe do servizo por día (art. 5.2º)	B. Porcentaxe do importe do servizo por día para o cal pide a axuda (máx. 90%)	C. Importe da subvención por día (resultado de aplicar B sobre A)	D. Total de días solicitados (de acordo cos mínimos do art. 4)	E. Importe total da subvención para esta ruta (resultado de multiplicar C por D)
0,00 €	0,00 %	0,00 €		0,00 €

Solicita axuda tamén para sufragar os gastos de publicidade e difusión do servizo: SI NON

En caso afirmativo: - custo da campaña:

- importe da axuda solicitada (ata o 80 % do custo co límite máximo de 600 euros de subvención por ruta):

Documentación que se achega (orixinal ou fotocopia compulsada):

- Memoria xustificativa da necesidade ou oportunidade do servizo proposto.
- Mapa ou plano do servizo á escala 1:25.000 con indicación visible do itinerario e dos puntos de parada.
- Permisos de circulación dos vehículos propostos para realizar os servizos.
- Fichas técnicas deses vehículos.
- Documentación acreditativa do seguro subscrito para cada vehículo.

Observacións:

Lugar e data

, de de 20

(Sinatura)



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
 TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
 Dirección Xeral de Mobilidade

ANEXO I- B

MODELO DE SOLICITUDE PARA ENTIDADES LOCAIS

PROCEDEMENTO AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS PARA O ESTABLECIMENTO DE SERVIZOS DE TRANSPORTE PÚBLICO REGULAR DE USO ESPECIAL NOCTURNO A LUGARES DE LECER BAIXO A MARCA NOITEBÚS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MT315A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

NOME		CIF Nº	
ENDEREZO		PROVINCIA	
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
CORREO ELECTRÓNICO			

E na súa representación:

ALCALDE DA CORPORACIÓN MUNICIPAL	DNI	TELÉFONO
----------------------------------	-----	----------

Solicita que lle sexa outorgada unha axuda para establecer un total de servizo(s) NoiteBús, cuxas condicións se detallan no(s) anexo(s) II que se xunta(n) a esta solicitude (*débase cubrir un anexo II por cada ruta que se solicite*).

Documentación xeral que se achega:

Certificación bancaria orixinal co número de conta (*só necesaria no caso de non constar de alta no rexistro de terceiros da Xunta de Galicia*).

Declara baixo a súa responsabilidade:

1. Que cumpre os requisitos necesarios para se acoller a esta orde de axudas e asume as obrigas e compromisos que nela se establecen.
2. Que son auténticos os datos facilitados e a documentación presentada.
3. Que se compromete a facilitar a documentación complementaria que se poida requirir, así como a permitir as comprobacións e inspeccións que para o efecto a Administración considere oportunas ou estean previstas na orde.
4. Que non se beneficia nin se beneficiaron de máis subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais que, illada ou conxuntamente coa outorgada por esta Administración, superen o custo da actividade obxecto desta orde.
5. Que non está incurso en ningunha das prohibicións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.
6. Que se compromete a contratar a prestación do(s) servizo(s) coa empresa que teña un dereito de preferencia, consonte o establecido no artigo 10.2º do Decreto 80/2005, do 31 de marzo, polo que se regulan os servizos de transporte público a lugares de lecer.
7. Que os vehículos contratados para a prestación do servizo disporán de aparello tacógrafo.
8. Que está ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.

Asume o compromiso de empregar a lingua galega na publicidade e difusión do(s) servizo(s) solicitado(s) (s/n):

De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, o solicitante da subvención consente expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro. Así mesmo, e de conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a presentación desta solicitude implica a autorización para o tratamento necesario dos datos do solicitante para a publicación na web oficial da consellería a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmolle que os datos persoais recollidos nesta solicitude serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Se o desexa pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro, no enderezo que figura ao pé desta solicitude.

LEXISLACIÓN APLICABLE - Orde do 23 de abril de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para establecer servizos de transporte público nocturno a lugares de lecer baixo a marca NoiteBús. - Decreto 80/2005, do 31 de marzo, polo que se regulan os servizos de transporte público a lugares de lecer.	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO REVISADO E CONFORME	NÚMERO DE EXPEDIENTE DATA DE ENTRADA DATA DE EFECTOS DATA DE SAÍDA
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA Lugar e data , de de 20		

ANEXO II-B

DESCRIPCIÓN DAS CONDICIÓNS DE PRESTACIÓN DOS SERVIZOS SOLICITADOS POR ENTIDADES LOCAIS

ENTIDADE LOCAL		CIF Nº
<input type="text"/>		<input type="text"/>
REPRESENTANTE: ALCALDE DA CORPORACIÓN MUNICIPAL	DNI	TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

EMPRESA DE TRANSPORTES COA QUE SE TEN FORMALIZADO UN PRECONTRATO OU CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO

DENOMINACIÓN	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>
REPRESENTANTE: NOME E APELIDOS	DNI
<input type="text"/>	<input type="text"/>

RUTA:

CIRCULAR

Paradas	Coordenadas	Concello	km		Horas de paso								
			Á orixe	Entre paradas	Expedición 1 <input type="checkbox"/> Parcial		Expedición 2 <input type="checkbox"/> Parcial		Expedición 3* <input type="checkbox"/> Parcial		Expedición 4* <input type="checkbox"/> Parcial		
					Ida	Volta	Ida	Volta	Ida	Volta	Ida	Volta	
<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Quilómetros totais do servizo (suma de todas as expedicións):	<input type="text"/>
Calendario de prestación do servizo:	2010 <input type="text"/>

Vehículos adscritos á prestación do servizo:

TITULAR	MATRÍCULA	Nº PRAZAS	DATA 1ª MATRICULACIÓN	ADAPTADO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
SUPLENTE/S	MATRÍCULA	Nº PRAZAS	DATA 1ª MATRICULACIÓN	ADAPTADO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON

Usuarios comprometidos por noite: <input type="text"/>	Ratio (mínimo 0,20 usuarios/km): <input type="text"/>
--	---

* No caso de solicitar máis expedicións, deberanse incluír nun documento anexo que respecte o mesmo formato.

Condições económicas do servizo e da subvención:				
A. Importe do servizo por día (art. 5.2º)	B. Porcentaxe do importe do servizo por día para o cal pide a axuda (máx. 90%)	C. Importe da subvención por día (resultado de aplicar B sobre A)	D. Total de días solicitados (de acordo cos mínimos do art. 4)	E. Importe total da subvención para esta ruta (resultado de multiplicar C por D)
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Solicita axuda tamén para sufragar os gastos de publicidade e difusión do servizo: <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON				
En caso afirmativo: - custo da campaña:				
- importe da axuda solicitada (ata o 80 % do custo co límite máximo de 600 euros de subvención por ruta):				
<input type="text"/>				

Documentación que se achega (orixinal ou fotocopia cotexada):
<input type="checkbox"/> Contrato ou precontrato formalizado coa empresa de transporte que realizará o servizo.
<input type="checkbox"/> Memoria xustificativa da necesidade ou oportunidade do servizo proposto.
<input type="checkbox"/> Mapa ou plano do servizo á escala 1:25.000 con indicación visible do itinerario e dos puntos de parada.
<input type="checkbox"/> Permisos de circulación dos vehículos propostos para realizar os servizos.
<input type="checkbox"/> Fichas técnicas deses vehículos.
<input type="checkbox"/> Documentación acreditativa do seguro subscrito para cada vehículo.

Observacións:
<input type="text"/>

Lugar e data
, de de 20
POLA ENTIDADE LOCAL, POLA EMPRESA,
(Sinatura) (Sinatura)

Resolución do 20 de abril de 2010, da Dirección Xeral de Mobilidade, pola que se convocan para o ano 2010 as axudas a transportistas autónomos de mercadorías por estrada que abandonen a actividade.

No *Diario Oficial de Galicia* número 171, do 1 de setembro de 2009, publicouse a Orde do 19 de agosto de 2009, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a transportistas autónomos de mercadorías por estrada que abandonen a actividade. Esta norma, con vocación de per-

manencia e por medio da cal se amplía o espectro de potenciais beneficiarios das axudas, mostra o compromiso firme da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas cos pequenos profesionais do transporte de idade avanzada, aos que se trata de facilitar o abandono da actividade compensando a perda de recursos económicos.

O éxito de convocatorias anteriores, así como as novidades introducidas polas indicadas bases reguladoras, aconsella iniciar un novo procedemento subvencional para o ano 2010. En consecuencia, e